

Itinerarios

Cada itinerario desenvolve un mesmo tema/aspecto, que pode albergar unha ou máis actividades.

Por exemplo, un itinerario E-Dixgal podería ter:

Un só seminario/grupo de traballo que pode variar entre 20 a 50 horas totais ao que lle corresponderían entre 6 a 15 horas de docencia (de 4 a 10 no caso de grupo de traballo).

Esta é a opción máis xeral e a máis recomendable na maioría dos itinerarios!

un curso (coas horas que se queiran) + **un seminario/grupo de traballo** (de 20 a 50 horas totais).

Para engadir un Itinerario novo, premede a **ENGADIR** e cubrir os seguintes datos:

- título (non poñer punto final)
- liña de traballo (seleccionar)
- DNI da persoa coordinadora (ao meter este dato xa se incorpora automaticamente ao equipo de formación)
- obxectivos (ter en conta a guía de estilos)
- contidos (ter en conta a guía de estilos)

DARLE A GRAVAR

Os obxectivos e contidos deben englobar as actividades do itinerario.

Os que modifiquen os datos do PFPP partindo dun deseño do curso anterior, poden deixar o que ven cargado ou modificalo parcialmente.